

REGULAMENTO da X Carreira Solidaria da Piscina Municipal de Muros

Artigo 1. Datos xerais

A Concellaría de Deportes e Xuventude, a través da Piscina Municipal de Muros, organiza o sábado 4 de novembro a X Carreira Solidaria da Piscina Municipal de Muros. As probas estarán baixo o control técnico do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e dentro do "IX Círculo de Carreiras Deputación da Coruña".

Artigo 2. Categorias de competición

CATEGORÍA	NACEMENTO
Chupete	2019 e posteriores
Pitufo	2016, 2017 e 2018
Sub 10	2014 e 2015
Sub 12	2012 e 2013
Sub 14	2010 e 2011
Sub 16	2008 e 2009
Sub 18	2006 e 2007
Sub 20	2004 e 2005
Sub 23	2001, 2002 e 2003
Sénior	De 1989 ata 2000
Máster 1	De 1983 ata 1988
Máster 2	De 1973 ata 1982
Máster 3	De 1963 ata 1972
Máster 4	De 1962 e anteriores
Andaina	Todas as idades

Artigo 3. Horarios, saídas e distancias

CATEGORÍA	HORA	DISTANCIA
Andaina	16.00 h	5600 m aprox.
Saída 1: sub 20, sub23, sénior, máster 1, 2, 3 e 4	16.30 h	10000 m aprox.
Saída 2: sub 20, sub23, sénior, máster 1, 2, 3 e 4	16.45 h	5600 m aprox.
Sub 14 - sub 16 - sub 18	17.30 h	2.300 m
Sub 12	17.45 h	1.000 m
Sub 10	18.00 h	600 m
Pitufo	18.15 h	250 m
Chupete	18.30 h	50 m

Artigo 4. Inscricións

A apertura do prazo de inscricións comezará o 15 de setembro ás 10.00 h e rematará o martes 31 de outubro ás 23.59 h, non se admitirán inscricións fóra do prazo establecido nin o día da proba.

As inscricións faranse a través da web, www.emesports.es, excepto para a andaina que tamén se poderá facer de maneira presencial nas oficinas da Piscina Municipal de Muros.

Na plataforma de inscrición as persoas participantes (sub 20, sub 23, sénior e máster 1, 2, 3 e 4) poderán seleccionar a distancia na que desexan participar, 10000 m ou 5600 m.

A saída na distancia longa (10000 m aprox.) será ás 16.30 h e unha vez que pase a última persoa clasificada pola zona da praia do Castelo darase saída á proba da distancia curta (5600 m) que será aproximadamente sobre as 16.45 h.

Usaranse distintos dorsais para diferenciar as persoas participantes da distancia longa das da distancia curta.

O custo da inscrición nas categorías andaina, sub 20, sub 23, sénior e máster 1, 2, 3 e 4 será de:

- 7,00 € ata o 30 de setembro
- 10,00 € do 1 ao 31 de outubro

O custo da inscrición nas categorías menores e os/as menores na andaina será:

- 1,00 € que será doado a Cáritas de Muros

Artigo 5. Lugar e recollida de dorsais

DÍA	LUGAR	HORARIO
03/11/2023 (venres)	Piscina Municipal de Muros	De 17.00 a 22.00 h
04/11/2023 (sábado)	Zona de saída*	De 14.30 a 16.00 h

* No caso de chuvia na Casa do Concello (Curro da Praza, 1)

Artigo 6. Lugar de saída e meta

Dende a zona portuaria, proximidades da praia do Castelo.

Artigo 7. Circuitos

a) Circuito andaina e saída 5,5k



b) Circuito saída 10k



Artigo 8. Peche do control da proba absoluta

Ás 17.30 h

Artigo 10. Servizo de duchas

Piscina Municipal de Muros

Artigo 11. Avituallamento de meta

Proporcionarase auga e avituallamento sólido a todas as persoas participantes en cada unha das categorías no punto de avituallamento que estará situado nun lugar visible despois da meta.

Artigo 12. Colocación pública das clasificacións

Anunciarase por megafonía a situación e o momento no que as clasificacións de cada carreira estean colocadas ao público. As reclamacións aos resultados oficiais deberán realizarse non máis tarde de 30' despois da publicación destes.

Artigo 13. Entrega dos premios

Horario: 18.30 h

Lugar: Zona portuaria

Premios:

- Categorias menores:

Medallas a todas as persoas participantes das categorías chupete, pitufo e sub 10.

Haberá premios para os/as 3 primeiros/as clasificados/as de cada categoría e sexo a partir da categoría sub 10 (incluída).

- Xeral:

Na proba con distancia de 10000 m aprox. por categorías e sexos (sub 20, sub 23, sénior e máster 1, 2, 3 e 4, non acumulativos) para:

- 1ª persoa clasificada: masculino e feminino

- 2ª persoa clasificada: masculino e feminino
- 3ª persoa clasificada: masculino e feminino

Na proba con distancia de 5600 m por sexos para:

- 1ª persoa clasificada: masculino e feminino
- 2ª persoa clasificada: masculino e feminino
- 3ª persoa clasificada: masculino e feminino

– Premios especiais:

- Club/asociación/centro de ensino/grupo con máis representantes que cheguen á meta (mínimo 5 participantes). Para poder recibir o premio nesta modalidade deberase facer constar o nome do club/asociación/centro de ensino/cuadrilla no momento da inscrición.
- Os/as atletas premiados/as deberán situarse na zona próxima á entrega de premios no momento en que por megafonía se anuncie o inicio desta, así como estar pendentes do momento en que se chame a cada unha das categorías.
- Con carácter xeral, os/as atletas que non se presenten á recollida do seu premio no momento da entrega, perderán o dereito a recollelo.
- Os premios non serán acumulables.
- Para optar á participación por club, grupo, asociación... os/as atletas deberán realizar a súa inscrición individualmente e posteriormente deberán enviar por correo electrónico ao enderezo piscinamunicipaldemuros@gmail.com un listado detallando os membros computables ao efecto.
- Agradecemos ás persoas responsables dos clubs que teñan constancia de que o/a atleta non estea presente, o comunique na zona de premios, para evitar esperas innecesarias.
- Exclusivamente poderán subir ao podio os/as atletas premiados/as salvo causa xustificada.
- Para aqueles que poidan alegar unha causa xustificada pola súa ausencia no momento da entrega, deberán poñerse en contacto coa Concellaría de Deporte e Xuventude durante un prazo máximo de 15 días onde se custodiarán os trofeos non recollidos.

Artigo 14. Medios de contacto

- Piscina Municipal de Muros (Soborribas, s/n 15259 Serres) no seu horario habitual.
- Por correo-e ao seguinte enderezo: piscinamunicipaldemuros@gmail.com.
- Teléfonos de información: 981 826 966

Todo o non recollido neste regulamento rexeráse pola normativa para probas en ruta da FGA e RFEA en vigor.

Artigo 15. Palmarés na proba absoluta

	1º clasificada/o	2º clasificada/o	3º clasificada/o
2017			
Feminino	Feli López Arnau	María Tarrío Martínez	Iria Aldao Prada
Masculino	Manuel Dosil Lago	Pablo Monteagudo Lago	Agapito Baamonde Arufe
2018			
Feminino	Tina Fernández	Concha Novais Troncoso	Iria Aldao Prada
Masculino	Manuel Dosil Lago	Pedro Traba Caamaño	Rubén Ínsua Díaz
2019			
Feminino	Mada García	Vanessa Rama	Cristina Carregal
Masculino	Luís Miguel Antelo	José Antonio Gómez	Manuel Pais
2022			
Feminino	Tina Fernández	Julia López Rebollido	Tina Formoso Noceda
Masculino	Víctor Ramos Sambade	Manuel Dosil Lago	Pablo Díaz Oíza